

## **Proba substitutiva do requisito de titulación de ESO para acceder ás ensinanzas deportivas**

As persoas aspirantes deberán realizar un total de tres exames que deberán seleccionar obrigatoriamente na solicitude de inscrición.

**Estes exames realizaranse no IES San Clemente, rúa de San Clemente, s/n, Santiago de Compostela, o día 7 de xullo de 2022, de acordo co seguinte horario:**

**Ás 11.30 horas: presentación.**

**Das 12.00 ás 13.00 horas: área sociocultural.**

**Das 13.00 ás 14.00 horas: Lingua Galega.**

**Das 16.00 ás 17.00 horas: área científico-tecnolóxica.**

**Das 17.00 ás 18.00 horas: Lingua Castelá.**

### **Características da proba.**

A proba substitutiva do requisito de titulación constará das seguintes partes:

- a) Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos socioculturais (Xeografía e Historia).
- b) Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre Lingua Galega a partir dun texto escrito.
- c) Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos científico-tecnolóxicos (Matemáticas, Ciencias da Natureza e Tecnoloxía).
- d) Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre Lingua Castelá a partir dun texto escrito.

### **Contido das probas.**

Tomaranse como referencia os vixentes currículos oficiais da educación secundaria obrigatoria recollidos no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Valoraranse os coñecementos, o grao de madurez e as habilidades suficientes para cursar con aproveitamento os novos estudos en relación a estas áreas propias do currículo da educación secundaria obrigatoria.